

Área: Comité Arbitral**Circular nº 16 - Temp. 25/26****PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS E DISCIPLINARIOS**

Co obxectivo de unificar criterios e lembrar determinados procedementos administrativos e disciplinares, infórmase do seguinte:

1. PRAZO PARA REALIZAR ANOTACIÓNS NO ANEXO DA ACTA

Lémbrese que o colectivo arbitral dispón dun **prazo máximo de 24 horas despois da finalización do encontro** para efectuar calquera anotación ou aclaración no anexo da acta. Unha vez transcorrido este prazo, **non se admitirán modificacións nin engadidos**.

2. USO DE MATERIAL AUDIOVISUAL

As anotacións ou aclaracións realizadas no anexo da acta **non poderán estar reforzadas nin sustentadas en imaxes de vídeo nin noutros materiais audiovisuais**. O anexo debe completarse **exclusivamente en base á observación directa** e á información obtida durante o desenvolvemento do encontro.

3. PROCEDEMENTO ANTE SITUACIÓNS DE VIOLENCIA

En caso de producirse **calquera incidente de violencia, ameaza ou agresión**, tanto dentro como fóra do terreo de xogo, os árbitros deberán **contactar de inmediato co teléfono de emerxencia da Federación Galega de Balonmán**, co fin de activar o protocolo correspondente e garantir unha resposta rápida e coordinada.

Rógase a máxima atención e cumprimento destas indicacións, co propósito de manter a uniformidade e o rigor na actuación arbitral.

En Vigo a 30 de outubro de 2025.

